



\_\_\_\_\_

APELIDOS, NOME

\_\_\_\_\_

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TRABAJO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: ENFERMEIRO/A

PARTE COMÚN

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **15 minutos**.
- Este cuestionario consta de 10 preguntas máis 2 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 12.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

– **SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

– **ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL

APERTURA

1. Tendo en conta o previsto na Lei de saúde de Galicia, sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- A) O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde terá composición paritaria. A metade dos seus membros serán profesionais do sistema e a outra metade representantes dos axentes sociais e das administracións locais.
- B) A atención paliativa a enfermos terminais é unha prestación tanto do ámbito da atención primaria como do da atención especializada.
- C) Na estrutura territorial do Sistema público de saúde de Galicia as unidades elementais de prestación dos servizos sanitarios son as zonas sanitarias.
- D) As infraccións e sancións prescriben nun ano se son leves, en dous anos se son graves, e en cinco anos se son moi graves.

2. O órgano colexiado asesor das administracións públicas na formulación das políticas de prevención e órgano de participación institucional en materia de seguridade e saúde no traballo é:

- A) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) O Servizo Nacional de Prevención e Seguridade.
- D) O Comité Nacional de Seguridade e Saúde.

3. A Lei xeral de sanidade prevé que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:

- A) Todos os cidadáns españois e estranxeiros se están afiliados á Seguridade Social.
- B) Todos os españois e cidadáns estranxeiros residentes en territorio español.
- C) Só os cidadáns residentes en territorio español que estean ao día nas cotizacións.
- D) Só os afiliados á Seguridade Social e os emigrantes inscritos en embaixadas e consulados no estranxeiro.

4. Sinala cal das seguintes afirmacións é incorrecta respecto da Rede de hemodoazón e hemoterapia de Galicia:

- A) Actuará baixo os principios de calidade, seguridade e promoción altruísta da doazón.
- B) Abastece de sangue e derivados os centros públicos; os privados, só en caso de urxencia asistencial.
- C) Responsabilízase dos intercambios de plasma entre os servizos de transfusión e a industria.
- D) Os servizos de transfusión teñen o deber de garantir os rexistros un mínimo de 30 anos.

5. Sinale en cal dos seguintes casos a vontade dunha persoa menor de idade prevalece sobre a dos seus pais ou representantes legais para decidir someterse a unha intervención cirúrxica.
- A) Nunca. Ao ser menor de idade, a patria potestade ou a tutela prevalecen sempre.
  - B) A opinión do menor prevalecerá unicamente se a opción dos pais ou representantes legais supón un risco para a saúde física ou psíquica daquel a xuízo do facultativo.
  - C) Con carácter xeral, prevalecerá a decisión da persoa menor de idade se fixo os 16 anos.
  - D) A opinión do menor prevalecerá só se non hai tempo para consultar os pais ou representantes legais.
6. Cal será a prelación de opcións preferentes que se deberá considerar para a protección laboral dunha enfermeira embarazada que no seu pos de traballo está sometida a condicións de risco para a súa saúde ou a do feto?
- A) En primeiro lugar, cambiala a outro posto de traballo da súa categoría e, se non fose posible, suspenderíase a relación laboral e pasa a risco por embarazo.
  - B) Pasala á situación de risco por embarazo ou cambiala a outro posto, segundo a preferencia que manifeste a traballadora para a mellor conciliación da súa vida profesional e persoal.
  - C) Pasala á situación de risco por embarazo ou cambiala de posto de traballo, segundo o criterio dos delegados de prevención con base nos informes médicos que consten no expediente e o plan de prevención de riscos do centro.
  - D) En primeiro lugar, readaptar o posto de traballo para evitar a exposición ao risco. En segundo, cambiala temporalmente a outro posto de enfermeira. En terceiro lugar, cambiala a outro posto dunha categoría diferente. En última instancia, pasaría a situación de risco por embarazo.
7. A teor da Lei xeral de sanidade, cal dos seguintes non é un dereito dos usuarios dos servizos sanitarios públicos?
- A) O dereito a elixir un membro do equipo asistencial que o atende para que sexa o interlocutor ao longo do proceso.
  - B) O dereito á libre elección de médico no ámbito da atención primaria dentro das poboacións que superan os 250 000 habitantes.
  - C) O dereito a que se lle contesten por escrito as reclamacións e propostas de suxestión.
  - D) O dereito a formar parte da lista de espera única en caso de ingreso hospitalario, incluso se se trata de persoas sen dereito á asistencia dos servizos de saúde.
8. A consideración do dereito á protección da saúde na Constitución vixente supón:
- A) Trátase dun dos dereitos fundamentais e liberdades públicas co maior grao de protección constitucional, nos mesmos termos ca a liberdade de expresión ou o dereito de reunión, entre outros.
  - B) A posibilidade de protección mediante recurso de amparo ante o Tribunal Supremo por parte de toda a cidadanía.
  - C) O seu tratamento como un principio reitor que só pode invocarse como dereito subxectivo ante a xurisdición ordinaria segundo o que dispoñan as leis que o desenvolvan.
  - D) A posibilidade da súa protección mediante recurso de inconstitucionalidade e recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, interpostos por calquera cidadán que se considere prexudicado.

9. Os facultativos hospitalarios responsables de transfusións teñen o deber de declarar as reaccións adversas graves e inesperadas imputables á transfusión nun prazo de:

- A) 24 horas como máximo.
- B) 48 horas, salvo os casos que requiran máis tempo para o diagnóstico.
- C) 72 horas, salvo os casos que poidan requirir máis tempo para o diagnóstico.
- D) Ata 12 horas como máximo se hai risco vital.

10. Con base no disposto polo Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, en cal das seguintes situacións quedaría unha enfermeira declarada en incapacidade permanente absoluta que posteriormente recupera a capacidade funcional?

- A) Non pode volver incorporarse ao traballo xa que a incapacidade permanente absoluta supón a perda da condición de persoal estatutario.
- B) Só podería volver a incorporarse ao traballo solicitando o reingreso provisional na praza vacante da súa elección.
- C) Poderíase incorporar a unha praza na mesma área de saúde en que prestaba servizos se a revisión da capacidade se produce dentro dos dous anos seguintes á declaración de incapacidade.
- D) Para reincorporarse tería que solicitar a excedencia voluntaria e, posteriormente, tería que participar nun concurso de traslados, salvo se a súa praza anterior permanecese vacante, en cuxo caso se incorporaría directamente.

11. Segundo a Constitución vixente, cal dos seguintes dereitos poderá tutelarse accionando os cidadáns un procedemento preferente e sumario ante os tribunais ordinarios?

- A) O dereito á protección da saúde.
- B) O dereito a un sistema de pensións adecuadas e periodicamente actualizadas.
- C) O dereito a recibir información veraz por calquera medio de difusión.
- D) O dereito á vivenda.

12. Quen é o propietario dunha historia clínica xerada nun centro dependente do Servizo Galego de Saúde?

- A) O paciente ao que se refire ou os seus herdeiros.
- B) O médico que a elabora se se trata dun centro de Atención Primaria e o Servizo de Admisión e Historias Clínicas se se trata dun hospital.
- C) Depende das patoloxías e probas médicas que se inclúan.
- D) A Administración sanitaria.